



ACTA NÚMERO 1

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE SELECCIÓN PARA A AVALIACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAIS E TRANSNACIONAIS DOS GALPs

MEMBROS DO COMITÉ DE SELECCIÓN	PRESENTES
Susana Rodríguez Carballo (Presidenta)	X
Enrique Diego Fernández Pérez (Secretario)	X
Montserrat Castro Vázquez (vogal)	X
Juan Carlos Barreiro González (vogal)	X
Sonia Lorenzo Santos (vogal)	X

Nas dependencias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, en Santiago de Compostela, sendo o 26 de outubro de 2016 ás 10:30 horas, reúnen en convocatoria única os membros do Comité de selección recollidos como presentes.

Os membros do comité de selección titulares son os recollidos na Resolución da Conselleira do Mar 16 de setembro de 2016 pola que se designan os membros do Comité de selección para a avaliación das solicitudes de axudas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALPs.

Existe o quorum necesario para a válida adopción de acordos.

Actúa como presidenta do comité Susana Rodríguez Carballo e como secretario, con voz e voto, Enrique Diego Fernández Pérez.

Conforme o apartado 4 do artigo 12 da Orde de 6 de abril de 2015 o funcionamento deste comité estará sometido ás normas dos órganos colexiados recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O motivo deste reunión é o establecido na orde do día:

- 1.- Constitución do Comité de Selección.
- 2.- Posibilidade de nomear asesores do Comité.
- 3.- Valoración de solicitudes.
- 4.- Emisión de informe co resultado da selección e proposta de concesión.
- 5.- Lista de reserva, de se-lo caso.
- 6.- Rogos e preguntas.
- 7.- Aprobación da acta.

Deliberacións:

-Con carácter previo á constitución do Comité todos os membros do mesmo asinan declaración responsable de non ter conflito de intereses neste asunto. Así mesmo, recórdase a necesidade de urxencia na resolución das solicitudes tanto por estar cofinanciadas con fondos comunitarios que se poderían perder se non se executan e xustifican nun período determinada; como pola imposibilidade de xustificación polos solicitantes das subvencións nos prazos previstos na convocatoria se se demora a resolución.

-Revisase o informe de instrucción no que se constata a idoneidade técnica e económica das solicitudes.

- Os dous proxectos superan a nota mínima fixada pola Orde de axudas para poder ser subvencionados.

-Revisanse polo miúdo as partidas de cada unha das actividades e por anualidades facendo axustes á baixa naquelas en que non queda debidamente xustificadas o seu importe así como cando as actividades descritas resultan redundantes con outras que sí se financian.

- Non se precisa fixar lista de reserva por atenderse todas as solicitudes.

- Acórdase tamén aprobar a acta ao final da reunión polo que se procede a súa lectura.

Acordos adoptados:

- Apróbase por unanimidade a constitución do Comité de Selección.
- Apróbase por unanimidade o nomeamento como asesoras, con voz e sen voto á xefa do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca e a técnica de Tragsatec asignada á encomenda de xestión dos GALPs.
- Apróbase por unanimidade a aprobación dos criterios de selección das candidaturas así como a valoración das solicitudes tal e como figuran no anexo I desta acta.
- Apróbase por unanimidade a proposta de selección das dúas solicitudes polos importes que se recollen no anexo II
- Apróbase por unanimidade non establecer lista de reserva xa que foron atendidas todas as solicitudes presentadas.
- Apróbase por unanimidade esta acta ao remate da reunión.

E non tendo máis que tratar se levanta a sesión, ás 11:35 horas do citado día, de todo o que eu, secretario, certifico, asinando comigo a presidenta.

Visto e prace da presidenta

Susana Rodríguez Carballo



O secretario

Enrique Diego Fernández Pérez

